

ACTA Nº 6/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

ASISTENTES:

Vicepresidente en funcións de Presidente: D. José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

Pola Administración:

Presidencia: D^a. Eva Sanin Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: D. Antonio Losada Trabada e D. Ramón del Valle

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: D^a Beatriz Rodríguez Fraga e D. José Manuel Maceira Caldelas.

Consellería de Economía e Facenda: D^a. M^a Blanco Aller

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: D. Luis Vázquez Rodríguez e D^a M^a del Camino Triguero Salas

Consellería de Innovación e Industria: D. Emilio Nogueira Moure e D^a Lourdes Courtier Ramos

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: D. Benito Fernández Rodríguez

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: D^a. Marta Ramos Lage

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: D^a Lourdes Batán Aira

Consellería de Traballo: D^a. M^a Carmen Calviño Rodríguez

Polas organizacións sindicais:

CIG: D. Manuel Gallardo Canitrot

CCOO: D. Pedro Méndez Gil, D. Manuel Cendón e D^a. M^a Dolores Bestilleiro Liñares

UGT: D^a Rosario Valledor Puente e D. Miguel A. Dono Gómez

CSI-CSIF: D. Alvaro Fernández Baamonde e D^a Carmen Noya Castro

Secretario: D. Carlos Carid Fernández

En Santiago de Compostela, sendo as 11:00 horas do día 5 de maio de 2006, reúnese, en sesión ordinaria, na salón de actos nº 2 (pequeno) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

Punto primeiro. Lectura e aprobación, se procede, da acta nº 5/2006, correspondente á sesión anterior.

Punto segundo. proxecto de Orde do_ de maio de 2006, pola que se convoca á elección voluntaria de destino ós aspirantes que superaron os procesos selectivos de camareiras-limpadoras e limpadoras categorías 1 e 11, respectivamente, do Convenio Colectivo para o persoal laboral, derivada da elección de destino convocado pola Orde de 31 de xullo de 2001 en execución de sentenza como consecuencia de demanda interposta polo sindicato Comisiones Obreiras.

Punto terceiro. proxecto de modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Punto cuarto. Modificación da proba práctica fixada nas convocatorias publicadas no Diario Oficial de Galicia, nº 61/06, do 28 de marzo para a categoría 64 do Grupo III (Oficial 1ª Tractorista. Tractorista. Operador de maquinaria pesada)

Punto primeiro. Lectura e aprobación, se é o caso, da acta 5/2006

Foi lida acta 5/2006, correspondente á sesión anterior, sendo aprobada coas seguintes observacións:

- a) Formuladas pola representación da organización sindical CIG: Na cuestión previa (páx. 2) debe constar que asisten á reunión *para evitar posibles prexuízos aos traballadores/as*.
- b) Formuladas pola representación da organización sindical CC.OO: No punto terceiro (páx. 3), modifícase o parágrafo relativo á súa intervención no que debe constar que... *valora positivamente o consenso acadado sobre o contido da orde, non obstante, ao non aceptarse pola consellería que tal contido fose recollido nun pacto entre as partes, abstéñense*.
- c) Formuladas pola representación da organización sindical UGT: No punto terceiro, en relación coa intervención do Secretario Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a representante da organización sindical manifesta o seu desacordo coa observación de que, conforme aos datos facilitados, resultan superiores as retribucións do persoal laboral por considerala unha apreciación suxeitiva. No punto cuarto (páx. 4), debe corrixirse un erro no parágrafo relativo á súa intervención e onde di: *...vacantes para a elección dos ofertados*; debe dicir: *... vacantes pola elección dos ofertados*. No punto quinto debe constar que a organización vota favorablemente.
- d) Formuladas pola representación da organización sindical CSI-CSIF: No punto segundo (páx. 3), no parágrafo relativo á súa intervención, debe constar que non consideran lóxico que no mesmo ano se celebre probas selectivas correspondentes a ofertas de emprego público de anos diferentes.

Punto segundo. Proxecto de Orde do_ de maio de 2006, pola que se convoca á elección voluntaria de destino ós aspirantes que superaron os procesos selectivos de camareiras-limpadoras e limpadoras categorías 1 e 11, respectivamente, do Convenio Colectivo para o persoal laboral, derivada da elección de destino convocado pola Orde de 31 de xullo de 2001 en execución de sentenza como consecuencia de demanda interposta polo sindicato Comisións Obreiras.

Previamente ao inicio do estudo deste punto da orde do día, repartíuse entre os presentes o borrador do proxecto de orde con varias correccións e un listado coas 58 vacantes que se incluíran como anexo da orde; documentos que se engaden á presente acta como anexos I e II, respectivamente.

* Intervén o Subdirector Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais, sinalando que no proxecto entregado se realizaron varias correccións das que xa se informou nunha reunión mantida cos representantes das organizacións sindicais. Así mesmo, informa que na documentación entregada existe un erro en relación cos postos correspondentes á categoría de limpador/a (011), xa que no Concello de Betanzos só existe un posto.

Manifesta que para posibilita-las resultas, ao acto de elección voluntaria de destino os interesados deberán acudir cun certificado do/a xefe/a de persoal da súa consellería no que conste o posto que ocupan en destino definitivo.

*Interveñen sucesivamente as representacións das catro organizacións sindicais para manifestar o seu acordo co proxecto. A representante da Organización sindical UGT sinala que, ao seu entender, debería preverse máis tempo para o desenvolvemento do acto de petición.

Intervén o Presidente para a agradecer á Consellería de Educación a creación do posto de camareiro/a-limpador/a (V-1) no concello de Ribadeo.

O proxecto de orde foi informado favorablemente por unanimidade.

Punto terceiro. Proxecto de modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

* O representante da organización sindical CIG manifesta que non se van a pronunciar sobre a proposta por razón de que foi tratada na reunión da Mesa Xeral á que non asistiron polas razóns que constan na acta 5/2006.

* O representante da organización sindical CCOO sinala o seu acordo coa proposta e solicita información sobre a situación do persoal interino afectado.

* Intervén a representación da Consellería de Sanidade que, en resposta á cuestión formulada por CCOO informa que, na toma de posesión deberá acreditarse a venda da farmacia.

* Intervén a representante da organización sindical UGT manifesta que están a favor da modificación da RPT; pero reitera a súa solicitude de que se regularice a RPT correspondente aos servizos veterinarios a fin de resolver os problemas do colectivo.

* Intervén o Director Xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional da Consellería de Sanidade en resposta á solicitude da organización sindical UGT con respecto á RPT dos servizos veterinarios, sinalando que mantivo reunións coa Dirección Xeral de Saúde Pública, e dado que se formula unha ampliación do ámbito territorial dos postos, se está a estudar a correspondente compensación económica pola modificación.

O proxecto de orde foi informado favorablemente por unanimidade.

Punto cuarto. Modificación da proba práctica fixada nas convocatorias publicadas no Diario Oficial de Galicia, nº 61/06, do 28 de marzo para a categoría 64 do Grupo III (Oficial 1ª Tractorista. Tractorista. Operador de maquinaria pesada)

* Intervén o representante da organización sindical CIG e manifesta que consideran que a proposta da Consellería é razoable. Non obstante, dado que no seu momento votaron contra a convocatoria, abstéñense.

* Intervén o representante da organización sindical CCOO, manifesta que, se ben consideran que a proposta é lóxica, votarán en contra.

* Intervén a representante da organización sindical UGT que por razón de que votaron contra a oferta de emprego público do ano 2005, votan en contra da proposta.

* Intervén o representante da organización sindical CSI-CSIF para manifestar o seu voto en contra da proposta.

A proposta foi informada favorablemente voto en contra das organizacións sindicais CC.OO., UGT e CSI-CSIF e a abstención de CIG.

E non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 11:35 horas do día anteriormente sinalado.

Vº e prace,

Dou fe

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIONS
DE PRESIDENTE**

O SECRETARIO

José Rodríguez González

Carlos Carid Fernández